



CARTA ABERTA AO PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA

Sr. Presidente:

Vimos de ler nos xornais de hoxe unhas declaracións súas que realmente sorpréndenos. E non pode ser doutro xeito, Sr. Presidente, xa que afirma Vde. que “os que se van manifestar contra ENCE son os mesmos que non a trasladaron en catro anos”. Saiba, Sr. Núñez, que nin a APDR nin a cidadanía que xunto con nós ven esixindo desde hai xa demasiado tempo a desaparición do complexo ENCE-ELNOSA da nosa Ría e das nosas vidas estivemos no goberno galego, e saiba tamén que se de nós dependera, se dependera da cidadanía da comarca, mañá mesmo estarían pechadas ámbalas dúas fábricas. Fomos os primeiros en criticar ao goberno bipartito da Xunta pola súa actitude no tema do complexo, e denunciámos a concesión das Autorizacións Ambientais Integradas (AAI) a ENCE e ELNOSA por consideralas irregulares e mesmo ilegais e porque esta decisión supuña a consolidación do complexo en Lourizán ata o 2011. Pero non podemos esquecer tampouco que foi o PP, o partido que Vde. preside, o que pretendeu consolidar ENCE coa instalación dunha papeleira pola vía da supramunicipalidade, quen pretendeu incluír os terreos que hoxe ocupa ENCE no porto de Marín para evitar así as limitacións da Lei de Costas, e quen mantivo unha absoluta conivencia coa dirección da empresa permitíndolle o continuo incumprimento da lexislación.

E fala Vde. tamén de que utilizamos o tema da central de biomasa como unha “excusa” para nos mobilizar contra ENCE. Debera saber, Sr. Núñez, que na APDR non precisamos de “excusas” para demostrar a nosa firme oposición á presenza de ENCE-ELNOSA na ría; temos razóns abondo para seguir esixindo o fin inmediato e definitivo da actividade do complexo. As mesmas razóns que ten tamén a cidadanía da comarca que maioritariamente defende a saída do complexo de Lourizán. Son razóns ambientais, económicas, de calidade de vida e saúde as que nos veñen movendo ano tras ano. Porque a recuperación da ría, a creación de postos de traballo de calidade e sustentábeis no tempo, baseados na explotación racional dos recursos marisqueiros, pesqueiros, forestais e turísticos, non pode agardar máis; porque o dereito á saúde e á calidade de vida, a disfrutar da nosa paisaxe, estásenos a negar desde hai tempo na nosa comarca. E a todas estas razóns, vense sumar agora a da posíbel concesión dunha central de biomasa a ENCE en Lourizán, unha concesión que so poderíamos entender como un intento de consolidar o complexo ENCE-ELNOSA na ría máis alá do 2018. Saiba tamén que a APDR e a poboación da comarca leva saíndo á rúa para esixir o peche do complexo de Lourizán desde hai xa 22 anos e que mesmo antes de nacer a APDR foron outros quen loitaron por este obxectivo.

Parécenos moi ben, Sr. Presidente, que diga Vde. que está pola saída de ENCE de Lourizán con anterioridade ao 2018, pero, por desgracia, estamos acostumbrados a que os nosos gobernantes incumpran a súa palabra. Vde., como os anteriores gobernos da Xunta, deixa na man da empresa calquera decisión de futuro. Estamos acostumbrados tamén á oposición sistemática do PP nos concellos da Ría a calquera moción contraria á permanencia de ENCE e ELNOSA en Lourizán. Como pretende que lle creamos agora?. Mire Sr. Núñez, si realmente está Vde. por sacar o complexo da Ría antes do 2018, comece por denegar a renovación das AAI a ENCE e a ELNOSA, obrigue ás empresas a abandonar Lourizán e lémbrelles que terán que acometer os traballos necesarios para deixar a zona que hoxe ocupan na situación que estaba no momento en que alí se instalaron.

Reciba un saúdo,

Pontevedra, 04.06.2010



Asdo.: Antón Masa, presidente da APDR.